

# CEIP JUAN REY

## PROXECTO EDUCACIÓN PATRIMONIAL

### VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS



**Modalidade 1: Proxectos documentais integrados**

**CEIP Juan Rey**

**Concello Lourenz (Lugo)**

**CIF Q7755051E**

## ÍNDICE

1. <b>Introdución</b> .....	3
2. <b>Contexto</b> .....	4
3. <b>Perfil curricular: contidos, competencias, criterios e estándares de avaliación</b>	4
4. <b>Temática e descrición do proxecto</b> .....	10
5. <b>Tarefas realizadas</b> .....	11
6. <b>Función da Biblioteca Escolar e Difusión da proposta</b> .....	14
7. <b>Avaliación</b> .....	14
8. <b>Bibliografía</b> .....	15

## **1. Introducción**

Durante o presente curso escolar (2018-2019) e parte do anterior curso (2017-2018), o CEIP Juan Rey puxo en marcha un proxecto de investigación centrado en dar a coñecer a historia de Lourenzá, prestando especial atención a súa riqueza patrimonial. As características da vila foron clave para que nos decantáramos por comezar a elaborar un proxecto tan bonito como é “Lourenzá, 1000 anos de historia”. A realización deste proxecto xurdiu a partir da necesidade que existe de formar ao alumnado en ámbitos cada vez máis diversos. Tal e como se cita na actual Lei Orgánica, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE): “Os profundos cambios aos que se enfrenta a sociedade actual demandan unha continua e reflexiva adecuación do sistema educativo ás emerxentes demandas de aprendizaxe”. Tamén menciona a necesidade de crear as condicións que permitan ao alumnado o seu desenvolvemento persoal e profesional, así como a súa participación activa nos procesos sociais e culturais. Por este motivo, consideramos que é o noso deber formar ao alumnado en ámbitos que vaian máis alá dos coñecementos meramente académicos, os traballos por proxectos ofrecen a oportunidade de desenvolver as competencias do alumnado e súa capacidade crítica, ademais de fomentar o traballar en equipo e o uso das novas tecnoloxías da información.

O profesorado involucrado neste proxecto considera imprescindible ensinar aos máis novos a coñecer a historia da súa vila, ao mesmo tempo que aprenden a apreciar e respectar o seu patrimonio. Para iso, leváronse a cabo distintas actividades, nas que se involucrou ao alumnado o máximo posible.

O centro CEIP Juan Rey (Lourenzá) opta pola participación na modalidade 1 dos premios convocados pola Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 15 de abril de 2019, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas escolares, do VI concurso de TRABALLOS POR PROXECTOS.

Nas seguintes páxinas faremos unha breve introdución do noso centro, explicaremos que tipo de actividades se desenvolveron ao longo do curso, que axentes estiveron implicados na súa implementación, que resultados obtivemos, e finalmente, analizaremos o seu impacto real no centro e na nosa contorna máis próxima.

## **2. Contexto**

O centro, CEIP Juan Rey, conta con 3 unidades de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. No actual curso académico temos un total de 123 alumnos e alumnas matriculados e 16 mestres e mestras, entre titores e especialistas.

O noso centro está situado no concello de Lourenzá, na provincia de Lugo. A súa riqueza patrimonial e a súa situación xeográfica foron claves para que nos decantásemos por comezar este proxecto. Por Lourenzá pasa unha das etapas do Camiño Norte de Santiago, este feito inspirou moitas das actividades que levamos a cabo durante o curso.

## **3. Perfil curricular: Obxectivos, contidos, competencias clave, criterios e estándares de avaliación.**

Dende a Biblioteca Escolar propúxose realizar unha investigación sobre a historia de Lourenzá, contamos coa colaboración de todo o centro, especialmente do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria (EP). Na seguinte táboa vemos a relación entre os diferentes elementos curriculares (actividades, contidos, obxectivos, estándares, criterios de avaliación...). Dado que se traballou dun xeito interdisciplinar, estes elementos curriculares corresponden a diferentes áreas (lingua galega, educación artística, lingua estranxeira (inglés) e música).

Este traballo naceu cunha idea principal, que o alumnado fora quen de entender a historia da súa vila, analizando a evolución e as distintas etapas históricas de Lourenzá,

poñendo en valor o seu patrimonio e a necesidade de coidalo. É dicir, o **obxectivo principal** era concienciar aos nenos e nenas do papel que eles xogan na conservación dos seus bens patrimoniais. Para a consecución deste obxectivo leváronse a cabo diferentes actividades e realizáronse varias saídas escolares. Entre as actividades feitas podemos destacar:

- Concerto na igrexa. O mestre de música organizou un concerto, na propia igrexa, usando os órganos barrocos (só un deles).
- Visita ao mosteiro de Lourenzá. Visitamos a igrexa, o museo, as capelas e a biblioteca. A bibliotecaria do Concello foi a encargada de amosarnos a igrexa e o mosteiro explicándonos o máis relevante. As familias colaboraron aportando fotografías e documentación histórica.
- Investigación sobre o patrimonio da igrexa e a realización de varios vídeos.
- A realización dunha etapa do camiño.
- A elaboración de sinais para que os nenos non xogaran a pelota diante do mosteiro.
- A visita ao Pazo de Tovar.
- Realización dun cómic no que se explica parte da historia de Lourenzá.
- Creación dun libro guía de Lourenzá para os peregrinos en varios idiomas.
- Saída reivindicativa para loitar pola conservación do noso patrimonio. Toda a comunidade educativa participou cunha pancarta co seguinte lema:

*“O mosteiro é noso, non o deixes caer”.*

A continuación amosamos a relación entre os elementos curriculares das diferentes áreas.

Contidos lingua galega	Crterios Av.	Estndares	Competencias	Instrumentos Avaliacin
B1.1. Comprensin de textos orais procedentes da radio, televisin ou internet.	B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisin ou da internet, identificando os aspectos xerais mds relevantes as que as intencins, valores e opinins explcitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisin ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.	CCL CD CAA	Observacin directa. Produto final.
B1.2. Valoracin dos medios de comunicacin social como instrumento de comunicacin. B1.3. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, con autonoma informacin relevantes para aprender.	B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicacin como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con autonoma, a informacin relevante e necesaria para realizar traballos e completar informacin, valorando os medios de comunicacin como instrumento de aprendizaxe.	CCL CD CAA	Observacin directa. Produto final.

B1.11. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.10.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL CAA	Observación directa. Produto final.
B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.	B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo	LGB2.5.1. Utiliza as da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade. LGB2.5.2. Utiliza as TIC para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.	CCL CD CAA	Observación directa. Produto final.
B2.12. Comezo no uso das bibliotecas, incluso virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información.	B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.	LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.	CCL CAA CSC	Observación directa. Produto final.

<p>B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, esquemas, descrições e explicacións).</p>	<p>B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p>	<p>LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar E comunicar información.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>Observación directa. Produto final.</p>
<p>B3.6. Uso das TIC, con certa autonomía, na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.</p>	<p>B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos Textos e realización de presentacións.</p>	<p>LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía. LGB3.5.3. Usa, habitualmente, correctores de textos. LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.</p>	<p>CD</p>	<p>Observación directa. Produto final.</p>



Contidos Educación Artística	Criterios Av.	Estándares	Competencias	Instrumentos Avaliación
<p>B.1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.</p> <p>B.1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.</p>	<p>B.1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.</p>	<p>EPB.1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.</p> <p>EPB.1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Produto final.</p>
<p>B.1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.</p>	<p>B.2.1. Realizar produción plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo. Recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas.</p>	<p>EPB.2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, edificios, etc.).</p>	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Produto final.</p>

#### **4. Temática e descrición do proxecto:**

Como xa mencionamos con anterioridade, este proxecto céntrase na historia da nosa vila, Lourenzá. Un dos obxectivos principais era dar a coñecer o noso patrimonio e ensinar ao alumnado a respectalo. Para a súa consecución, levamos a cabo un proceso de investigación que partía da Biblioteca Escolar. Co fin de involucrar ao máximo ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, empregáronse metodoloxías activas e materiais que resultaran atractivos e innovadores, incluíndo as novas tecnoloxías. Os principios que orientaron a práctica educativa do proxecto foron:

- Metodoloxía activa: integración dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes e participación activa do alumnado.
- Metodoloxía constructivista, aprendizaxe por descubrimento e aprendizaxe significativa: autores como Ausubel, Vygotsky ou Bruner propoñen métodos de ensinanza no que os estudantes sexan os protagonistas, no que as aprendizaxes estean relacionadas cos seus coñecementos previos e nas que aprendan descubrindo<sup>1</sup>.
- Fomento das competencias clave: traballamos de xeito que o alumnado no só aprendía conceptos, senón que adquiría saberes e habilidades que lles farán falta durante a súa vida. Prestamos especial atención ao desenvolvemento das seguintes competencias: competencia dixital, aprender a aprender, competencia en comunicación lingüística e a competencia en conciencia e expresións culturais.
- Fomento da autonomía.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Integración das TICs

---

<sup>1</sup><http://piagetvygostkyausubelbrunner.blogspot.com/2014/11/piaget-vigotsky-ausubel-y-bruner.html>

## **5. Tarefas realizadas**

Neste apartado explicaremos en que consistiron as actividades mencionadas:

### **❖ Vídeo Conde Santo:**

O alumnado de 6º realizou un vídeo sobre a historia de Lourenzá, tamén fixeron un póster a modo de resumo do vídeo. Para a súa realización, dividiuse en catro partes: a orixe, o esplendor, o deterioro e a loita por conservar o noso patrimonio. Neste vídeo o alumnado encargouse de explicar as orixes da súa vila, falando dos anos de historia de Lourenzá, dende o esplendor á decadencia. Para levar á práctica esta idea dividimos o traballo en diferentes fases. Primeiro, realizaron un guión coa axuda das súas mestras. A continuación, levaron a cabo a caracterización das personaxes, buscaron exteriores, recadaron bibliografía e, finalmente, fixeron a propia gravación.

### **❖ Visita guiada ao mosteiro:**

Contamos coa axuda da nai dun alumno do noso centro, que traballa no Concello. Esta persoa encargouse de explicarnos todo o que íamos vendo e proporcionounos materiais cos que traballamos na aula. A guía do Concello falounos dos principais problemas que existen en relación a súa conservación.

### **❖ Concerto igrexa de Santa María:**

Un dos obxectos máis importantes de Lourenzá son os órganos barrocos que hai na igrexa. Son os únicos en Galicia que conservan case todo o material orixinal co que foron construídos entre 1762 e 1765. Soamente un deles funciona. O obxectivo desta actividade era concienciar da importancia patrimonial que temos tan preto de nós. Algúns dos estudantes do centro tiveron a oportunidade de tocar algunhas notas neste marabilloso instrumento. Ao concerto asistiron as familias que o desexaron. Ademais, contamos coa colaboración de Juan Carlos Martínez Fontán, que compuxo para este fin o “*Vals de*

*Lourenzá*” que é un canto á esperanza de que o mosteiro e a igrexa non se derruben. Coa realización desta actividade quíxose poñer en valor o patrimonio do pobo.

#### ❖ **Reivindicación pola recuperación do noso mosteiro:**

Unhas das saídas escolares que fixemos consistiu na reivindicación da conservación do noso patrimonio, neste caso, do mosteiro. A parte traseira do edificio, os teitos, e algunhas zonas do seu interior atópanse en moi mal estado. O alumnado do noso centro fixo unha pancarta na que se pedía que non o deixaran caer. Esta actividade serviu tamén para concienciar ao resto de veciños de Lourenzá da situación de precariedade que está a vivir o mosteiro. Previamente a esta saída, e tendo en conta a información aportada por persoas do Concello e outras fontes, o alumnado realizou actividades na aula en relación aos cambios que sufriu o mosteiro nos últimos anos. Ademais, dos problemas de deterioro asociados ao paso do tempo, existe outro problema grave relacionado co mantemento da fachada da igrexa, as pombas e os balóns dos nenos e nenas. Nos últimos anos, a fachada da igrexa e a parte dianteira do mosteiro víronse afectadas por este dous factores. Para concienciar deste problema e intentar darlle solución os estudantes do CEIP Juan Rey elaboraron uns carteis con posibles solucións e uns sinais para que non se xogue coa pelota diante do mosteiro e da igrexa.

#### ❖ **Visita Pazo de Tovar:**

Opasado mes de abril o alumnado de 5º e 6º de EP visitou o Pazo de Tovar. Os arquitectos encargados da súa reforma explicáronlles como a levaron a cabo e faláronlles da importancia de conservar os noso edificios, xa que forman parte da nosa historia e cultura. Estes arquitectos explicáronnos como se levou a cabo súa restauración, ensináronnos como hai que facer para arranxar un edificio histórica. Tendo en conta as súas explicacións, o alumnado de 6º elaborou uns debuxos nos que aparecía o parte traseira do mosteiro como a eles lles gustaría que quedase.

Os arquitectos que dirixiron a restauración do Pazo, amosáronnos as dificultades, atrancos e os pasos a seguir para conservar e valorar un ben patrimonial.

❖ **Camino de Santiago: realización dunha das etapas.**

Unha das actividades que máis motivou ao alumnado foi a realización dun dos tramos do Camiño que pasa por Lourenzá. Despois dunha dura camiñata, chegamos ao albergue dos peregrinos! Foi unha experiencia inesquecible para o alumnado.

❖ **Libro para o albergue de peregrinos de Lourenzá (inglés):**

Outra das actividades que desenvolvemos foi a creación dun libro guía que titulamos: “Lourenzá, a nosa vila”, no que o alumnado de 5º e 6º de EP explica as características da vila aos peregrinos do Camiño de Santiago que se hospedan no albergue municipal. Describimos os lugares culturais máis emblemáticos de Lourenzá a nivel socio-cultural. Ademais de facer unha descrición dos servizos que se ofertan na nosa vila: supermercados, piscina, tendas, farmacias, caixeiros automáticos, cafeterías, centro de saúde, horario dos autobuses, número dos taxis, etc. Recopilamos a información que consideramos que alguén que non estivera nunca en Lourenzá puidera necesitar. Este libro vai redactado en dous idiomas: castelán e inglés. Para a súa realización puxemos en práctica as metodoloxías das que falabamos anteriormente. O alumnado tiña que buscar información sobre a vila, horarios, prezos dalgúns servizos, números de teléfono, mapas, etc. Tamén tiñan que redactar os textos, buscar fotografías, realizar ilustracións, etc. En definitiva, poñer en marcha a adquisición das competencias clave xa citadas.

❖ **Cómic O Conde Santo (galego, castelán, inglés e francés):**

Coa colaboración do alumnado, da mestra de 6º de EP e da mestra de relixión realizouse un cómic no que se explicaba a vida do Conde Santo. A continuación traducíuse a inglés e francés. Este cómic formou parte do libro para os peregrinos do albergue que mencionamos anteriormente e que foi entregado durante a última semana do actual curso escolar.

## **6. Función da Biblioteca Escolar e Difusión da proposta**

A Biblioteca Escolar foi o eixo central de todas as tarefas realizadas. Para dar a coñecer o produto final do noso proxecto empregamos o blog da escola. No seguinte enlace pódense ver as actividades e os documentos realizados:

<http://acasadefabola.blogspot.com/2019/06/lourenza-1000-anos-de-historia.html>

## **7. Avaliación**

Coa realización deste proxecto buscamos ofrecer ao alumnado unha formación de calidade, na que as nenas e nenos aprenderan facendo e relacionando o aprendido coa súa contorna máis inmediata. Intentamos traballar de xeito interrelacionado entre diferentes áreas do currículo e sempre contando coa participación activa do alumnado, deixando de lado as metodoloxías máis tradicionais. Para levar a cabo a avaliación, ademais dos criterios de avaliación explicados anteriormente, teranse en conta os seguintes indicadores de aprendizaxe:

1. Explica o concepto de patrimonio.
2. Recoñece e clasifica diferentes tipos de bens culturais de Lourenzá.
3. Coñece as orixes da peregrinación. Historia e lenda.
4. Realiza investigacións en grupo utilizando fontes escritas e orais.
5. Redacta unha carta en estilo formal ao Concello.
6. Utiliza ferramentas dixitais para localizar información relevante.
7. Busca información en Internet sobre a súa vila.
8. Crea documentos en distintos formatos dixitais empregando as ferramentas do Office (impress, writer, publisher).
9. Elabora croquis de situación para localizar diferentes bens patrimoniais.

10. Elabora un gui3n para expo3er oralmente informaci3n sobre diversos aspectos patrimoniais.
11. Leva a cabo exposici3ns orais.
12. Planifica os traballos de forma axeitada en tempo e forma.
13. Realiza a entrega dos traballos en prazo.

O proceso de avaliaci3n do proxecto foi continuo e sistem3tico, f3xose principalmente mediante a observaci3n directa e an3lise dos traballos realizados polo alumnado e das s3as reflexi3ns en temas relacionados co proxecto. En xera, estamos moi satisfeitos co resultado final, xa que a totalidade da comunidade educativa implicouse no proceso.

## **8. Bibliograf3a**

- Lei Org3nica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o curr3culo da educaci3n primaria na Comunidade Aut3noma de Galicia.
- Copia autentica de la vida del Conde Santo Arquivo catedralicio de Mondo3edo 1772.
- Chavarr3a Pacio, C (1985). La Vida del Conde Santo.
- Gonz3lez Paz, Carlos Andr3s (2009). Osorio Guti3rrez, o "conde-santo" de Vilanova de Lourenz3

### **• P3xinas web:**

- <http://www.concellodelourenza.gal/es/pagina/patrimonio>
- <https://es.unesco.org/themes/patrimonio-mundial>

### **• Artigos**

- [https://es.wikipedia.org/wiki/Aprendizaje\\_significativo](https://es.wikipedia.org/wiki/Aprendizaje_significativo)
- <http://piagetvygostkyausubelbrunner.blogspot.com/2014/11/piaget-vigotsky-ausubel-y-bruner.html>